



Dona KATHERINIE VARELA FERNÁNDEZ, como concelleira voceira da Agrupación Municipal do Partido Popular de Monforte de Lemos, ó abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación no vindeiro Pleno da Corporación Municipal do día 25 de setembro:

MOCION PARA QUE O DESDE O CONCELLO SE FAGA UNHA MAIOR VIXILANCIA DO CUMPRIMENTO DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 38 DA ORDENANZA DE TRÁFICO.

Esta agrupación municipal recibe cada vez máis queixas dos veciños de Monforte do continuo uso de patíns, patines e monopatíns nas zonas peonís. Este tipo de condutas poden resultar moi perigosas para as persoas máis vulnerables ou con problemas de mobilidade.

En agosto de 2021 publicouse no Boletín Oficial da Provincia a redacción definitiva das modificacións levadas a cabo na nosa ordenanza de tráfico na que destaca precisamente o artigo 38 en relación a este tipo de enxeños mecánicos:

Artigo 38.- Circulación de aparellos de mobilidade persoal e doutros tipos de enxeños mecánicos.



1. *Considerásense como tales aos enxeños mecánicos sen motor e aos de motor eléctrico como os patines eléctricos de calquera tipo, segways, e análogos, debidamente homologados e autorizados conforme á normativa vixente así como todos os que teñan a consideración legal de vehículos de mobilidade persoal.*

Exceptúanse os de uso infantil ou que podan ser considerados como xoguetes.

2. *Os que utilicen monopatines, patines ou aparellos similares non poderán circular pola calzada nin polos espazos e rúas peonís, salvo que se trate de zonas, vías o partes de éstas que lles estén especialmente destinadas, e sólo poderán circular a paso de persoa polas beirarrúas o polas rúas residenciais debidamente sinalizadas, sin que en ningún caso se permita que sexan arrastrados por outros vehículos. No seu tránsito deberán acomodar a súa marcha á dos peóns, evitando en todo momento causar molestias ou crear perigo e en ningún caso gozarán de prioridade respecto de os peóns.*

3. *Todos os aparellos de mobilidade persoal e outros tipos de enxeños mecánicos que non sexan monopatines, patines ou aparellos similares, circularán polos espazos especificamente a elas destinados ou autorizados e cando estes non existan, obrigatoriamente pola calzada. Non poderán circular pola beirarrúa nin por rúas e espazos peonís e no seu tránsito deberán respectar a totalidade da sinalización que lles afecte así como calquera norma de comportamento na circulación e uso da vía prevista na normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade vial.*

4. *Ademáis da prohibición anterior, tampouco poderán circular polas vías que teñan a consideración de travesías nin polas vías interurbanas e autopistas e autovías que transcurran dentro de poblado, así como polos túneles urbanos.*

5. *Con estes aparellos de mobilidade persoal e enxeños mecánicos non se pode circular sobre o mobiliario urbano, tales como bancos, varandas ou similares, nin sendo arrastrados por outros vehículos.*

Pois ben, a pesar de esta modificación, moitos usuarios continúan a utilizar estes aparellos por todas as zonas peonís sen reparar si existen aglomeracións ou non, ou si se se conserva ese metro de espacio que esixe a norma.

Pode ser que sexa porque esta modificación non consta actualizada no espacio de ordenanzas e regulamentos da sede electrónica do concello. Tamén porque non se procede

a vixiar correctamente estas condutas ou por non darlle máis publicidade a esta prohibición.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte proposta de acordos ante o Pleno da Corporación:

1. Que se leve a cabo unha campaña de concienciación e vixilancia da circulación de os enxeños mecánicos definidos na ordenanza de Tráfico nas zonas peonís.
2. Que se actualice a maior brevidade posible a ordenanza de tráfico coas actualizacións feitas no ano 2021.